


Cunqueiro, Universo

Aínda que poida parecer estranxo para algúns, a recuperación e edición de certos clásicos de noso aparece ainda como un capítulo sen pechar. É o caso da obra de Álvaro Cunqueiro, do que existen dende hai anos unhas das obras completas más incompletas que se teñan visto. Non é de estranhar, polo tanto, que proliferen de cando en cando volumes que recompilan os seus textos, principalmente se estes pertençen aos dilatados eidos do xornalismo literario que tan abondosamente practicou o de Mondoñedo.

Universo Cunqueiro é o último traballo dado á luz destas características, tirado do prelo de Sotelo Blanco Edicións e editado polas filólogas Concha Martínez Mayo e Maricarme García Ares cun prólogo de Fernando Ónega.

O libro, valioso por tanto nel se recuperan textos tanto casteláns coma galegos de moi diversa na-



tura
reza
(artigos,
prólogos, confe-
rencias) creados en-
tre 1941 e 1986, figura to-
do el en galego grazas ao

Os praceres dun clásico



ARMANDO REQUEIXO

labor tradutor das colectoras sobre dos textos ori-xinais en castelán.

Así pois, esta é unha obra de interese, que achega ao potencial lector algúns hás pezas cunqueirianas doutro xeito inatopables. Mais, entendo, certos criterios de edición adoptados e a escolha do enfoque prologal son opinables. Os primeiros por non estar o suficientemente detallados e incorrer en descompensacións que por razóns de espazo non podo agora concretar, pero que afectan tanto á (non) tradución de termos casteláns coma ás variacións normativas (non) operadas. E o segundo porque, sendo o limiar de Fernando Ónega, unha prosa ben estimable e escrita con hábil pluma, porén non dá conta nin da importancia do material exhumado, nin da súa relación coa restante obra periodística do autor, nin analiza, sequera epidermicamente, as prosas recuperadas. Dirase, con razón, que non era nin tiña por que ser este o seu labor, mais coido que cando se fai o esforzo de publicar unha obra así e cando as editoras apostan por rescatar e mesmo traducir este saliente feixe de escritos non tería vido nada mal un prólogo igual de brillante pero máis (in)formativo. Secasí, ben está o que ben parece, xaora, e a *Universo Cunqueiro* non lle faltan atractivos que fagan del unha lectura máis que recomendable.

CUNQUEIRO, Álvaro,
*Universo Cunqueiro (prol.
F. Ónega), Ed. Sotelo
Blanco, Santiago, 2005, 150
páxinas*